

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DÍA VINTE DE FEBREIRO DE DOUS MIL DEZAOTO.**

En Paradela, a vinte de febreiro de 2018

No Salón de Sesións da Casa Consistorial, sendo as trece horas e cinco minutos, reúnese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en sesión extraordinaria, baixo a Presidencia do Alcalde, D. JOSÉ MANUEL MATO DÍAZ e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- D<sup>a</sup> SONSOLES LÓPEZ IZQUIERDO
- D. GUILLERMO CASTRO GONZÁLEZ
- D. MARTÍN LÓPEZ LÓPEZ
- D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> MONTSERRAT MULET SAR
- D. MANUEL REGUEIRO LÓPEZ
- D. BENJAMÍN LÓPEZ MATO
- D. JESÚS PABLO LÓPEZ GONZÁLEZ

Non asiste D<sup>a</sup> ANA BELÉN LÓPEZ ÁLVAREZ , xustificando a súa ausencia.

Asiste o Secretario-Interventor da Corporación, José López González, que da fe do acto.

A continuación procédese a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

**PUNTO ÚNICO.- ADOPCIÓN DOS ACORDOS QUE PROCEDAN RELATIVOS Á RESIDENCIA E CENTRO DE DÍA DE PARADELA.**

Consta no expediente a seguinte proposta de Alcaldía

*“Tendo en conta que o Concello de Paradela quere por en marcha a xestión do servizo relativo ao Centro de Día- Residencia (24 prazas de Residencia e 20 de Centro de día) para poñer a disposición dos diferentes usuarios, que polas súas circunstancias persoais, familiares ou sociais así o precisen, tratando de proporcionar aos cidadáns un recurso baseado na prestación de servizos adaptados ao colectivo de persoas maiores, coa finalidade de lograr a autonomía, o desenvolvemento persoal e a integración no medio social dos mesmos, favorecendo a permanencia destes no seu municipio de residencia.*

*Visto o Informe de Secretaría-Intervención de data 4 de outubro de 2017 relativo á sustentabilidade financeira do Centro de día- residencia do Concello de Paradela (Lugo), elaborado en data 4 de outubro de 2017, que informa favorablemente a viabilidade económica do Centro de día- Residencia do Concello de Paradela tendo en conta as características económico- orzamentarias na actualidade, garántese a sustentabilidade financeira de dita actividade económica proxectada de cara ao futuro, respectando o principio de eficiencia así coma o resto de requirimentos establecidos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.*

Visto o Informe da Directora Xeral de Administración Local, de data 21 de novembro de 2017, no que textualmente consta “que o Concello de Paradela propón a prestación dun servizo social comunitario que corresponde ao concello en exercicio dunha competencia propia atribuída con anterioridade á entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, non existindo inconveniente na prestación do dito servizo sempre que se cumpran os preceptos normativos que resulten de aplicación para o inicio da prestación do servizo”.

Visto que por decreto da alcaldía 2017-0214, de data 30.11.2017, acordouse crear unha Comisión de estudo sobre o establecemento do servizo público de Centro de día- residencia para que elabore a Memoria relativa aos aspectos social, xurídico, técnico e financeiro do servizo público.

Visto o Convenio de colaboración entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o Concello de Paradela para a xestión do centro Residencial e de Día asinado en data 27 de decembro de 2017.

Vista a Memoria xustificativa da prestación do servizo e o proxecto do réxime de acceso ao servizo elaborado pola Comisión de Estudio en data 29 de xaneiro de 2018.

Vistos os informes de Secretaría e Intervención.

Visto canto antecede esta alcaldía propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO.-** Aprobar a nova competencia a asumir polo Concello, o servizo de Centro de día-Residencia do Concello de Paradela.

**SEGUNDO.-** Aprobar inicialmente a Memoria xustificativa da prestación do servizo e o proxecto de regulamento do réxime de acceso ao servizo.

**TERCEIRO.-** Considerar como forma de xestión do servizo público a xestión indirecta mediante concesión.

**CUARTO.-** Someter a Memoria e o proxecto de regulamento do réxime de acceso, a información pública por un prazo de trinta días naturais, anunciándose no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no taboleiro de edictos deste Concello, a efectos de que polos particulares e Entidades, poidan formular as observacións que estimen pertinentes.

**QUINTO.-** No caso de que durante o período de trinta (30) días naturais de información pública non se formularsen observacións ou alegacións á Memoria e ao proxecto de regulamento, o acordo entenderase elevado automaticamente á definitivo.

Paradela, 15 de febreiro de 2018. O Alcalde. José Manuel Mato Díaz.  
Documento asinado electronicamente á marxe.

## MEMORIA XUSTIFICATIVA

### 1. ASPECTO SOCIAL.

En primeiro lugar, hai que poñer de manifesto o feito de que estamos ante un proceso crecente de envellecemento da poboación, fenómeno demográfico ao que non é alleo ao Concello de Paradela. Este envellecemento da poboación, conleva relevantes repercusións de diversa índole xerando situacións de dependencia.

O Concello de Paradelas pretende xestionar o servizo relativo ao Centro de día - Residencia (24 prazas de Residencia e 20 de Centro de día) para poñer a disposición dos diferentes usuarios, que polas súas circunstancias persoais, familiares ou sociais así o precisen, tratando, polo tanto, de proporcionar aos cidadáns un recurso baseado na prestación de servizos adaptados ao colectivo de persoas maiores, coa finalidade de lograr a autonomía, o desenvolvemento persoal e a integración no medio social dos mesmos, favorecendo a permanencia destes no seu municipio de residencia.

A prestación de coidados á persoa maior dependente realízase fundamentalmente a través dunha rede informal, onde a familia desempeña un papel primordial. Sen embargo as actuais previsións indican un debilitamento desta rede de coidados polo que se fai necesaria a reorientación das políticas dirixidas aos maiores ata o grupo de persoas dependentes favorecendo recursos de apoio á familia que posibiliten unha permanencia axeitada da persoa maior no seu entorno habitual e o socio-familiar.

A demanda de prazas que existe para este tipo de instalacións a causa do envellecemento da poboación, fai que dende o Concello se considere conveniente prover os medios necesarios dispoñibles, co fin de ofertar aos seus veciños a prestación de servizos declarados de interese social.

O espazo social asistido é pois o espazo funcional caracterizado pola prestación de servizos integrados e continuados, de natureza social, a persoas dependentes e autónomas para a realización dos actos esenciais da vida diaria, reforzando ou complementando os coidados familiares ou substituíndo a estes en caso necesario.

Dende o punto de vista asistencial o recurso enfócase dende o ámbito social asistido, que se entende como o campo de intervención no que o conxunto de recursos institucionais se articulan e coordinan para ofrecer unha atención mais eficiente.

Este tipo de recurso pode facilitar non só o cumprimento dos obxectivos sociais do mesmo, senón que tamén contribúen á permanencia no territorio ou incluso o retorno ao mesmo dos veciños do municipio residentes noutras zonas.

Os beneficios da posta en marcha do centro en relación con cada un dos colectivos aos que afecta serían os seguintes:

Cos usuarios:

- Facilitar un recurso social que de resposta ás necesidades de atención surxidas co envellecemento

- Mellorar e manter a capacidade funcional, previndo así a dependencia: control das patoloxías, réxime de alimentación sa, equilibrada e variada, coidado da hixiene persoal, etc.

Cos familiares:

- Facilitar un recurso social que de resposta ás necesidades surxidas co envellecemento dun familiar.

Cos profesionais:

- Favorecer o crecemento do sector aumentando a oferta de traballo entre os profesionais socio-sanitarios.

Co entorno:

- Dinamizar o desenvolvemento urbanístico, económico e social do entorno.

*Os centros de día e residencias están incluídos como equipamentos da rede de centros xerontolóxicos de atención ás persoas maiores regulados na Orde do 18 de agosto de 2000 pola que se aproba o Estatuto Básico dos centros de servizos sociais da comunidade autónoma de Galicia:*

*Residencia: son centros destinados á vivenda permanente e común nos que se presta unha asistencia integral e continuada ás persoas maiores.*

*Centro de día: son equipamentos destinados á atención diurna de persoas maiores dependentes, con perda da súa autonomía física ou psíquica, que residindo nos seus propios fogares precisen dunha serie de coidados e atencións de carácter persoal, terapéutico ou social.*

*Ambos equipamentos están incluídos na carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia. Decreto 149/2013, do 5 de setembro polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención das persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo.*

#### **CENTRO DE DÍA**

*Os Centros de Día defínese como centros xerontolóxicos socio-terapéuticos e de apoio ás familias, que durante o día prestan atención terapéutica integral e plural ás persoas maiores con dependencia ou en grave risco de padecela, promovendo a súa autonomía persoal, a actividade relacional e a permanencia no contorno habitual.*

#### **Obxectivos:**

- Establecer actuacións que maximicen as aptitudes vitais das persoas usuarias.*
- Proveer ás persoas usuarias de coidados e intervencións sanitarias preceptivas para paliar déficits e mellorar o seu benestar.*
- Proporcionar apoio aos familiares e ao entorno cuidador das persoas usuarias.*
- Facilitar un marco para a autoestima do usuario e do entorno familiar de coidados.*
- Ofrecer unha atmósfera educacional no que familiares e profesionais poidan desenvolverse de xeito idóneo.*

#### **Servizos que prestan:**

*As intervencións que se levan a cabo teñen como destinatarios tanto aos usuarios, con actuacións dentro dos ámbitos social, sanitario, físico-cognitivo e asistencial, como ás súas familias.*

*Prestan atención durante o día proporcionando aos usuarios/as, ademáis destas intervencións, unha alimentación controlada nutricionalmente.*

#### **RESIDENCIA**

*Centros que ofrecen, atención preventiva, rehabilitadora e de coidados personais, así como vivenda permanente e atención integral ás persoas maiores que, pola súa situación socio-familiar, e limitacións na súa autonomía persoal, non poidan ser atendidas nos seus propios domicilios e requiran ser ingresadas nun centro residencial.*

*Residencia mixta: centro destinado á atención social de persoas maiores que maioritariamente poidan valerse por si mesmas, pero dotado dunha unidade para a*

*atención de persoas afectadas de minusvalía física ou psíquica.*

*Obxectivos:*

*Atención das necesidades persoais básicas, terapéuticas e socioculturais dos maiores*

*Manter o máximo grao de autonomía dos maiores usuarios.*

## **2. ASPECTOS XURÍDICOS.**

### **A) LEXISLACIÓN APLICABLE**

- *Os artigos 7, 22.2.f), 25, 27, 85 e 86 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local.*

- *A Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.*

- *A Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local.*

- *A Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.*

- *O Texto Refundido das disposicións legais Vixentes en materia de Réxime Local aprobado polo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril.*

- *O Regulamento de Servizos das Corporacións Locais aprobado por o Decreto de 17 de xuño de 1955.*

- *Sentenza do Tribunal Constitucional, do 3 de marzo de 2016, sobre a Lei de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local.*

- *Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia, modificada pola Lei 15/2010, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, pola Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico e pola Lei 8/2016, do 8 de xullo.*

### **B) FUNDAMENTOS DE DEREITO**

*PRIMEIRO.- As competencias das Entidades Locais son propias ou atribuídas por delegación.*

*As Entidades Locais só poderán exercer competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación cando non se poña en risco a sustentabilidade financeira do conxunto da Facenda municipal, de acordo cos requirimentos da lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e non se incorra nun suposto de execución simultánea do mesmo servizo público con outra Administración Pública. A estes efectos, serán necesarios e vinculantes os informes previos da Administración competente por razón de materia, no que se sinala a inexistencia de duplicidades, e da Administración que teña atribuída a tutela financeira sobre a sustentabilidade financeira das novas competencias.*

*En todo caso, o exercicio destas competencias deberá realizarse nos termos previstos na lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas.*

*SEGUNDO.- Son competencias propias dos municipios, as referidas no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local.*

*As competencias delegadas son as que con tal carácter atribúenlles o Estado e as Comunidades Autónomas mediante unha disposición normativa (non necesariamente*

con rango de Lei) ou un acordo e exércense nos termos establecidos nesa disposición ou acordo de delegación e con suxeición ás regras establecidas no artigo 27 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, e preverán técnicas de dirección e control de oportunidade e eficiencia.

As competencias distintas das propias e das delegadas non precisan de ser atribuídas nin polo Estado nin polas Comunidades Autónomas e só poden exercerse polas Entidades Locais cando concorran os seguintes requisitos, de conformidade co disposto no artigo 7.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local:

-Cando non poña en risco a sustentabilidade financeira do conxunto da Facenda municipal, cumprindo os principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

- Non se incorra nun suposto de execución simultánea do mesmo servizo público con outra Administración Pública.

No caso que nos atinxe, que supón a posta en funcionamento do servizo público do Centro de día Residencia, encontrámonos ante un suposto de competencia impropia dado que o artigo 25.2 e) da Lei de Bases de Réxime Local reconece exclusivamente como competencia municipal “Evaluación e información de situaciones de necesidad social y la atención inmediata a personas en situación o riesgo de exclusión social.”

Fronte a una interpretación inicial restritiva, da modificación operada na LBRL pola lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local, o Tribunal Constitucional en sentenza 41/2016 de 3 de marzo de 2016, acada unha conclusión distinta ao reconecer “Las leyes pueden atribuir competencias propias a los municipios en materias distintas de las enumeradas en el art. 25.2 LBRL, quedando vinculadas en todo caso a las exigencias reseñadas (apartados 3, 4 y 5). Así resulta del tenor literal del art. 25.2 LBRL, conforme al que las materias enumeradas son solo un espacio dentro del cual los municipios deben disponer “en todo caso” de competencias “propias”, sin prohibir que la ley atribuya otras en materias distintas.

La interpretación de que las “competencias propias” municipales no son solo las atribuidas dentro de los márgenes del art. 25.2 LBRL resulta igualmente de previsiones generales de la Ley reguladora de las bases de régimen local que han permanecido inalteradas. Así, la precisión de que “las competencias de las Entidades locales son propias o atribuidas por delegación” (art. 7.1 LBRL) y la obligación de que “la legislación del Estado y la de las Comunidades Autónomas, reguladora de los distintos sectores de acción pública, según la distribución constitucional de competencias”, garante “la efectividad de la autonomía garantizada constitucionalmente a las Entidades Locales” y el “derecho” de “los Municipios, las Provincias y las Islas” a “intervenir en cuantos asuntos afecten directamente al círculo de sus intereses, atribuyéndoles las competencias que proceda en atención a las características de la actividad pública de que se trate y a la capacidad de gestión de la Entidad Local, de conformidad con los principios de descentralización, proximidad, eficacia y eficiencia” (art. 2.1 LBRL). Respecto de este último precepto, la Ley de racionalización y sostenibilidad de la Administración local solo ha incluido un último inciso para añadir la “estricta sujeción a la normativa de estabilidad presupuestaria y sostenibilidad financiera” como límite a la atribución de competencias locales (art. 1.1, apartado 1).

Debe, pues, excluirse la interpretación de que los municipios solo pueden

*obtener competencias propias en las materias enumeradas en el art. 25.2 LBRL. Si el Estado quisiera apoyarse en el art. 149.1.18 CE para interferir de modo tan penetrante en las competencias de las Comunidades Autónomas (prohibiendo con carácter general que estas atribuyan competencias propias a los municipios de su ámbito territorial en cualesquiera otras materias), tendría que haberlo establecido expresa o inequívocamente. Por lo demás, semejante prohibición, indiscriminada y general, sería manifiestamente invasiva de las competencias de las Comunidades Autónomas. Consecuentemente, en los ámbitos excluidos del listado del art. 25.2 LBRL, las Comunidades Autónomas pueden decidir si, y hasta qué punto, los municipios deben tener competencias propias, pero sujetándose a las exigencias de los apartados 3, 4 y 5 del art. 25 LBRL; además de a las garantías de autonomía local previstas en la Constitución y, en su caso, en los Estatutos de Autonomía”.*

*Por outra banda, sinalar que o artigo 18 da Lei 13/2008 da Lei de servizos sociais de Galicia, recoñece como catálogo de servizos sociais, entre outros, as intervencións ou servizos de carácter técnico- profesional, competencia que se concreta no artigo 20 da mesma lei, xa que se establece que terán consideración de servizos e actuacións de natureza material ou tecnolóxica:*

*a) A protección social das persoas, con capacidade de obrar limitada, que se atopen en situación de conflito ou desamparo.*

*b) A atención residencial, que comporta aloxamento, continuado ou temporal, substitutivo do fogar.*

*c) A atención diúrna, que ofrece coidados persoais e actividades de promoción e prevención que non requiran o ingreso nun centro residencial.*

*d) A axuda no fogar, consistente en ofrecer un conxunto de atencións a persoas ou familias no seu propio domicilio, para facilitar o seu desenvolvemento e permanencia na súa contorna habitual.*

*e) A teleasistencia social e outros servizos de carácter tecnolóxico, que procuren a permanencia das persoas usuarias no seu medio habitual.*

*f) O apoio á mobilidade persoal, nos termos previstos na normativa reguladora do servizo galego de apoio á mobilidade persoal para persoas con discapacidade e/ou dependentes.*

*g) A manutención, xa sexa en locais de atención colectiva ou no propio domicilio da persoa usuaria.*

*h) As axudas técnicas e instrumentais, que permitan manter a autonomía da persoa para desenvolverse no seu medio.*

*i) O servizo de asistente persoal.*

*j) Calquera outro servizo ou actuación non previsto na presente lei que se considere necesario para garantir unha adecuada atención social.*

*En principio, trátase de competencias que corresponden a outras Administracións Públicas; son as competencias que tradicionalmente veñen denominando como competencias “impropias”, e que tiñan o seu fundamento no artigo 28 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, agora derogado pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.*

**TERCEIRO.- Entenderase por exercicio de novas competencias os**

procedementos que se inicien para o establecemento de servizos de nova planta de conformidade co artigo 297.2 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, así como a modificación dos servizos xa establecidos para a realización de novas actividades prestacionais, cando non constitúan desenvolvemento, execución ou non tendan á consecución dos fins das competencias atribuídas como propias ou das competencias que se exerzan por delegación.

Así mesmo, entenderase como exercicio de novas competencias o exercicio da actividade de fomento polas entidades locais mediante o establecemento de subvencións cando non constitúan desenvolvemento, execución ou non tendan á consecución dos fins das competencias atribuídas como propias ou das competencias que se exerzan por delegación.

Conforme artigo 3.3 da Lei 5/2014, de 27 de maio, non se entenderá como exercicio de novas competencias:

- a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.
- b) A continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores así como a realización de novas actuacións de fomento que foran xa establecidas nos proxectos de establecemento de servizos obxecto dos informes de inexistencia de duplicidades e sustentabilidade financeira previstos nesta lei.
- c) A modificación da regulamentación dos servizos, das súas modalidades de prestación ou da situación, deberes e dereitos das persoas usuarias con arranxo ao artigo 297 da Lei 5/1997, cando non levase a realización de novas actividades prestacionais polos servizos xa establecidos ou, aínda que as levase, non supuxesen unha modificación substancial das condicións de prestación do servizo, da realización da actividade ou do seu financiamento, de acordo co establecido nesta lei, ou ben o seu exercicio non supuxese a asunción de novas obrigacións financeiras para a entidade local de acordo coa memoria económica xustificativa que deberá incluírse no expediente.
- d) A concorrencia a convocatorias de subvencións ou axudas, así como a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións, para que as entidades locais realicen con carácter conxuntural actividades de información, de asesoramento, de orientación, de mellora da empleabilidade e formativas, e outras actividades que non supoñan a creación de novos servizos municipais de acordo co artigo 297 da Lei 5/1997. Tampouco se entenderá como exercicio de novas competencias a realización das actividades citadas unha vez obtida a subvención.
- e) As obras, servizos, axudas, adquisicións ou subministracións de emerxencia, por mor de acontecementos catastróficos, situacións que supoñan grave perigo ou necesidades que afecten directamente á seguridade pública.
- f) A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución daqueles problemas, tamén comúns, que puidesen formularse máis aló da concreta repartición competencial nos distintos sectores da acción pública, de acordo co artigo 193.2 da Lei 5/1997.
- g) O auxilio administrativo, de acordo co disposto no artigo 193.4 da Lei 5/1997.
- h) Os premios que se outorguen sen solicitude previa do beneficiario.

CUARTO.- O procedemento a seguir para o exercicio de novas competencias co carácter de “impropias” será o seguinte:

- a. Con carácter previo á solicitude dos informes á Consellería competente en



materia de Administración local deberanse incorporar ao expediente os seguintes documentos:

1. Unha memoria na cal xustifique a persoa titular da presidencia da corporación o interese da entidade local na intervención nas materias de que se trate por afectar directamente ao círculo dos seus intereses, a capacidade de xestión da entidade local en relación coa forma concreta prevista da prestación do servizo ou a realización da actividade.

Así mesmo, haberá de xustificarse na indicada memoria a relación das prestacións e actividades previstas en aplicación dos principios de descentralización, proximidade, eficacia e eficiencia, e a estrita suxeición á normativa de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

A memoria deberá facer referencia ás características proxectadas da actividade pública de que se trate, ao réxime xurídico previsto para o servizo, ao alcance das prestacións previstas en favor da cidadanía e á proxectada regulación dos aspectos de carácter xurídico, económico e administrativo relativos á prestación do servizo.

2. Para a xustificación de sustentabilidade financeira deberá acompañarse a seguinte documentación:

- Liquidación consolidada do exercicio inmediato anterior, xunto co respectivo informe de Intervención sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade, regra de gasto e débeda, incluíndo o estado do remanente de tesouraría a 31 de decembro do exercicio inmediato anterior.

- Situación actual da débeda viva, con desglose das operacións vixentes e persoais de amortización.

- Orzamento do exercicio vixente xunto co informe de Intervención sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade, regra de gasto e débeda.

- Informe de Intervención sobre cumprimento da estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira coas novas competencias.

- Desglose e importes das partidas orzamentarias correspondentes á competencia a informar tanto de gastos como de ingresos ou, no seu caso, previsións das modificacións orzamentarias a realizar.

- Calquera outra documentación que se solicite polo órgano competente ao ser necesaria a efectos de emitir o informe sobre sustentabilidade financeira.

b. Solicitaranse á Consellería competente en materia de administración local os informes esixidos polo artigo 7.4 da LRBRL, de acordo co establecido no artigo 6 da Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local:

a) O informe sobre a inexistencia de duplicidades ou de execución simultánea do mesmo servizo público con outra Administración, que ten que emitir a Consellería competente por razón da materia.

b) O informe sobre a sustentabilidade financeira das novas competencias, que ten que emitir Consellería de Facenda da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

Os informes terán carácter vinculante, polo que a entidade local non poderá proceder ao exercicio da competencia, o establecemento do novo servizo ou a prestación da nova actividade se os informes son negativos ao apreciar un risco para a

sustentabilidade financeira do conxunto da facenda local, de acordo cos requirimentos da lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, ou a existencia de duplicidades ao apreciarse un suposto de execución simultánea do mesmo servizo público con outra administración pública.

Consta no expediente solicitude á Dirección Xeral de Administración Local dos informes vinculantes sobre non duplicidade e sustentabilidade financeira da nova competencia a asumir polo concello en relación ao servizo de Centro de día e residencia, e o informe de non duplicidade con rexistro de saída número 2017-S-RC-822, de data 4 de outubro de 2017.

c. Sempre que os informes fosen favorables ao exercicio da competencia pola entidade local, o Pleno da Corporación, de conformidade cos artigos 7.4 e 22.2.f) da LRBRL, adoptará acordo aprobando o exercicio das competencias e prestación dos servizos dela derivados.

Emitidos os informes preceptivos, procederá o establecemento do servizo público municipal.

Consta no expediente informe da Directora Xeral de Administración Local, de data 21 de novembro de 2017, con rexistro de entrada no Concello de Paradela 2017-E-RC-1205 de data 21 de novembro de 2017, no que despois de sinalar os antecedentes e a lexislación aplicable sinala o seguinte:

“A Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local, respecto do exercicio de competencias dos municipios atribuídas por lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013 de racionalización e sustentabilidade da administración local, establece na súa Disposición adicional primeira. Réxime aplicable ás competencias atribuídas pola lexislación autonómica anterior que:

As competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local, continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito aplicable como supletorio...”

Examinado o expediente remitido, dedúcese que ese concello pretende a prestación dun servizo comunitario específico que é competencia propia dos concellos de conformidade co artigo 60.1.b) da lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

O artigo 26. c) do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regula os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, establece como funcións dos servizos sociais comunitarios específicos “A atención de persoas maiores ou con limitación na súa autonomía mediante centros de día ou servizos de atención diúrna ou nocturna.”

Do exposto, infírese que o Concello de Paradela propón a prestación dun servizo social comunitario que corresponde ao concello en exercicio dunha competencia propia atribuída con anterioridade á entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, non existindo inconveniente na prestación do dito servizo sempre que se cumpran os preceptos normativos que resulten de aplicación para o inicio da prestación do servizo.

QUINTO. O artigo 86 da LRBRL, tras a modificación operada pola Lei

27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local establece o seguinte:

*“As Entidades Locais poderán exercer a iniciativa pública para o desenvolvemento de actividades económicas, sempre que estea garantido o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e da sostenibilidade financeira do exercicio das súas competencias. No expediente acreditativo da conveniencia e oportunidade da medida xustificárase que a iniciativa non xera risco para a sostenibilidade financeira do conxunto da facenda municipal debendo conter unha análise do mercado, relativo a oferta e a demanda existente, á rendabilidade e aos posibles efectos da actividade local sobre a concorrencia empresarial.*

*Corresponde ao pleno da respectiva Corporación Local a aprobación do expediente, que determinará a forma concreta de xestión do servizo”.*

*O procedemento a seguir é o seguinte (conforme o artigo 97 do TRRL):*

*a. Polo Alcalde designárase unha Comisión de estudo composta por membros da Corporación e por persoal técnico.*

*Esta Comisión de estudo elaborará unha Memoria relativa aos aspectos social, xurídico, técnico e financeiro do servizo público, na que figurará a forma de xestión, e os casos en que debe cesar a prestación do servizo. Así mesmo, deberá acompañarse un proxecto de tarifas, para cuxa fixación se terá en conta que é lícita a obtención de beneficios aplicable ás necesidades xerais da Entidade Local como ingreso do seu Orzamento, sen prexuízo da constitución de fondos de reserva e amortizacións. Así mesmo determinará a forma de xestión do servizo.*

*Ademais a Comisión elaborará un proxecto de Regulamento que regule os aspectos máis relevantes en relación coa prestación do servizo.*

*b. Sempre que os informes fosen favorables á prestación do servizo pola entidade local, a Memoria será tomada en consideración polo Pleno da Corporación e sometela a un período de información pública por un prazo non inferior a trinta días naturais que se anunciará no Boletín Oficial da Provincia a efectos de formulación de observacións polos particulares e Entidades.*

*c. Unha vez finalizado o período de información pública, o Pleno do Concello, de conformidade co artigo 22.2.f) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local, aprobará o Proxecto definitivamente, con pronunciamento expreso sobre as reclamacións e alegacións presentadas. No caso de que durante o período de 30 días naturais de información pública non se formularon observacións ou alegacións á Memoria e ao proxecto de regulamento, o acordo ata entón provisional entenderase elevado automaticamente á definitivo.*

### **C) XESTION DO SERVIZO**

*De entre as diferentes formas de xestión de servizos contempladas no TRLCSP, considérase como mais axeitada, dadas as características do Centro de Día e Residencia a restritiva normativa estatal actual en materia de contratación de persoal, especialmente a Lei de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local así como a Lei de Orzamentos Xerais do Estado dos últimos exercicios, a modalidade de xestión indirecta de servizos públicos: o chamado contrato de xestión de servizos mediante concesión.*

*Ambos equipamentos inclúen unha serie de servizos e atencións a realizar por*

*persoal específico e cunha formación e cualificación determinada, profesionais cos que o concello non conta. É dicir carece dos medios técnicos e materiais necesarios para a xestión do servizo público do centro de día e residencial, por este motivo este servizo debe ser contratado externamente. Isto non suporá un impedimento para que a administración local desenvolva unha axeitada labor de deseño, seguimento e inspección do modelo de atención que se dispensa, co obxectivo último de garantir unha forma de xestión que asegure estándares de calidade homoxéneos independentemente de quen os xestione.*

*Este modelo proporciona maior eficiencia (medios técnicos e profesionais especializados, experiencia, ...) que deriva nunha mellora da calidade de atención dos usuarios destes equipamentos.*

*A contratación externa pode engadir determinados valores ao servizo, derivados da propia forma de xestión: medios técnicos e profesionais especializados, maior coñecemento do terreo, o cal pode supoñer un incremento da eficacia, pode aportar maior capacidade de innovación; representa un incremento da participación social xa que se están implicando diferentes axentes á administración na responsabilidade da súa prestación; pode aportar unha maior eficiencia na xestión do servizo e permite a comparación da xestión e dos custes.*

*A xestión indirecta facilita á administración a experiencia e a maior adecuación ao tipo de prestación que posúen as entidades privadas, que xa actúan no mercado no ámbito dos servizos persoais, derivando nunha mellora da calidade de atención dos usuarios destes equipamentos.*

*O contrato de xestión de servizos públicos é aquel en cuxa virtude unha Administración Pública encomenda a unha persoa natural ou xurídica, a xestión dun servizo cuxa prestación foi asumida como propia da súa competencia pola Administración encomendante (Artigo 8 TRLCSP).*

*A Administración poderá xestionar indirectamente, mediante contrato, os servizos da súa competencia, sempre que sexan susceptibles de explotación por particulares.*

*A contratación da xestión dos servizos públicos poderá adoptar as seguintes modalidades:*

- Concesión, pola que o empresario xestionará o servizo ao seu propio risco e ventura.*
- Xestión interesada, en cuxa virtude a Administración e o empresario participarán nos resultados da explotación do servizo na proporción que se estableza no contrato.*
- Concerto con persoa natural ou xurídica que veña realizando prestacións análogas as que constitúen o servizo público de que se trate.*
- Sociedade de economía mixta na que a Administración participe, por si ou por medio dunha entidade pública, en concorrencia con persoas naturais ou xurídicas.*

*O contrato non poderá ter carácter perpetuo ou indefinido, fixándose necesariamente no prego de cláusulas administrativas particulares a súa duración e as das prórrogas de que poidan ser obxecto, sen que poida exceder o prazo total, incluídas as prórrogas dos seguintes períodos:*

- 50 anos nos contratos que comprendan a execución de obras e a explotación do servizo público, salvo que este sexa de mercado ou lonxa central*

maiorista de artigos alimenticios xestionados pola sociedade de economía mixta municipal, en cuxo caso poderá ser de ata 60 anos.

- 25 anos nos contratos que comprendan a explotación dun servizo público no relacionado coa prestación de servizos sanitarios.

- 10 anos nos contratos que comprendan a explotación dun servizo público cuxo obxecto consista na prestación de servizos sanitarios sempre que non estean comprendidos na letra a).

O contratista estará obrigado a organizar e prestar o servizo con estrita suxeición ás características establecidas no contrato e dentro dos prazos sinalados no mesmo, e, no seu caso, á execución das obras conforme ao proxecto aprobado polo órgano de contratación.

O contratista estará suxeito ao cumprimento das seguintes obrigas:

- Prestar o servizo coa continuidade convida e garantir aos particulares o dereito a utilizalo nas condicións que foran establecidas e mediante o abono, no seu caso, da contraprestación económica comprendida nas tarifas aprobadas.

- Coidar da boa orde do servizo, podendo ditar as oportunas instrucións, sen prexuízo dos poderes de policía aos que se refire o artigo anterior.

- Indemnizar os danos que se causen a terceiros como consecuencia das operacións que requira o desenvolvemento do servizo, agás cando o dano sexa producido por causas imputables á Administración.

- Respetar o principio de non discriminación por razón de nacionalidade.

O contratista ten dereito ás contraprestacións económicas previstas no contrato, entre as que se incluírá, para facer efectivo o seu dereito á explotación do servizo, unha retribución fixada en función da súa utilización que se percibirá directamente dos usuarios ou da propia Administración. As contraprestacións económicas pactadas serán revisadas, no seu caso, na forma establecida no contrato.

A Administración poderá modificar por razóns de interese público e se concorren as circunstancias previstas no título V do libro I, as características do servizo contratado e as tarifas que han de ser aboadas polos usuarios. Cando as modificacións afecten ao réxime financeiro do contrato, a Administración deberá compensar ao contratista de maneira que se manteña o equilibrio dos supostos económicos que foron considerados como básicos na adxudicación do contrato. A Administración deberá restablecer o equilibrio económico do contrato, en beneficio da parte que corresponda, nos supostos previstos no artigo 282 do TRLCSP.

Cando finalice o prazo contractual, o servizo revirtirá á Administración, debendo o contratista entregar as obras e instalación a que estea obrigado con arranxo ao contrato e no estado de conservación e funcionamento axeitados.

Son causas de resolución do contrato de xestión de servizos públicos, ademais das sinaladas no artigo 223 do TRLRFL, coa excepción das contempladas nas súas letras d) e e), as sinaladas no artigo 286 do citado texto legal.

Conforme a todo o sinalado anteriormente, proponse, por considerarse a mellor opción para os intereses locais e, conforme a estrutura administrativa municipal, que se xestione o servizo da forma indirecta a través da concesión.

Así mesmo, achégase proxecto de regulamento regulador do réxime de acceso a

prazas no centro de día- residencia do Concello de Paradela.

### 3. ASPECTO FINANCEIRO.

#### PROXECTO DE TARIFAS

A forma proposta de xestión é a concesión, onde o servizo será retribuído polos usuarios ao concesionario mediante un prezo privado.

Consideramos que a tarifa non ten a consideración de taxa porque a prestación do servizo en réxime de dereito público non se presta exclusivamente polo sector público. A pesar de non existir outros centros semellantes no termo municipal sí que existen na Comarca centros privados e públicos.

En consecuencia, dado que o servizo será prestado por un concesionario, as tarifas terán a consideración de prezo privado. Así, o procedemento para reclamálas no caso de impago non implicará o exercicio de potestade pública algunha, o concesionario poderá reclamálas xudicialmente ao usuario incumpridor.

Polo que atinxe ás contías, podemos acudir ao estudio de custes que figura na “Memoria/anteprojecto de xestión dos servizos públicos da residencia e centro de día do Concello de Paradela, así como no Informe de Intervención municipal sobre a Sustentabilidade Financeira emitido con ocasión da solicitude dos informes vinculantes da comunidade autónoma necesarios para o expediente de municipalización. Nos estudos de custos citados, pártese da hipótese de plena ocupación. As tarifas serán obxecto de determinación no proceso de licitación e adxudicación, e deberán ser ofertadas polos licitadores, deberán ser autosuficientes para o financiamento do servizo e, en consecuencia garantir o equilibrio económico da concesión. Por tanto, e a reserva das tarifas que resulten do procedemento de licitación, éstas non poderán deixar de ter como referencia as contías determinadas en ditos estudos.

Así:

#### A) Residencia

Teremos en conta o prezo medio por praza dos que se cobran na provincia, para cada grao de dependencia: con autonomía, asistido grao I, asistido grao II e asistido grao III.

Tipo de praza	Prezo/praza
Con autonomía	900,00 €
Asistido grao I	1.100,00 €
Asistido grao II	1.275,00 €
Asistido grao III	1.375,00 €
<b>PREZO MEDIO</b>	<b>1.162,50 €</b>

#### B) Centro de día

Asemade, deben terse en conta as 20 prazas do Centro de Día.

Os importes polos servizos, desagregados, son os seguintes:



## Concello de Paradela

- Asistencia: 420,00 euros/mes
- Almorzo: 45,00 euros/mes
- Comida: 90,00 euros/mes
- Merenda: 45,00 euros/mes
- Transporte: 150,00 euros/mes

*Polo tanto os prezos do Centro de Día son os seguintes, incluído o IVE:*

	Prezo/praza	Transporte	Praza + transporte
<i>Xornada completa (todas as comidas)</i>	600,00	150,00	750,00
<i>Media xornada (almorzo e comida ou merenda)</i>	345,00	150,00	495,00
<i>Media xornada sen manutención</i>	210,00	150,00	360,00
<b>PREZO MEDIO</b>	385,00	150,00	535,00

*As tarifas resultantes do procedemento de licitación deberán ser aprobadas polo Concello. Ditas tarifas deberán ser incrementadas co I.V.E. que proceda.*

*Existen servizos adicionais que poderían prestarse como fisioterapia, perruquería, comida de familiares que poderán ser establecidos en función da demanda, previa modificación do contrato e aprobación polo concello das tarifas resultantes.*

### **SUSTENTABILIDADE FINANCEIRA**

*A sustentabilidade financeira da actividade económica derivada da posta en marcha da Centro de Día e Residencia está xustificada no Informe de Intervención emitido a este efecto en data 4 de outubro de 2017.*

*Ao preverse a xestión do servizo baixo a forma de xestión indirecta mediante unha concesión, de xeito que o contrato se execute a risco e ventura do concesionario e que a súa retribución esté constituída polas tarifas a abonar polos usuarios, previa aprobación polo Concello, a prestación do servizo non suporá gasto algún para o concello entanto se respecten as condicións que se tiveron en conta para a adxudicación do contrato de concesión.*

*Esta forma de prestación do servizo pode dar lugar, no seu caso, a ingresos derivados do canon da concesión, que debe ser valorado e pode constituír un criterio, igual que as tarifas, para a adxudicación de dito contrato. Así, é previsible que no concepto 550 de ingresos se produzan recoñecemento de dereitos polo abono do canon concesional, todo elo deberá ser obxecto de estudo nos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas a elaborar. Neste senso pode considerarse conveniente valorar o canon á baixa, para que esta baixada repercute en mellora das tarifas.*

### **ESTUDIO COMERCIAL DO SERVIZO**

*Seguindo os datos que figuran na “Memoria/anteproxecto de xestión dos servizos públicos da residencia e centro de día do Concello de Paradela, así como no Informe de Intervención municipal sobre a Sustentabilidade Financeira emitido con*

ocasión da solicitude dos informes vinculantes da comunidade autónoma necesarios para o expediente de municipalización, obtemos os seguintes datos:

Se temos en conta a pirámide poboacional do Concello de Paradela en data 31/12/2016, extráense os seguintes resultados: dun total de 1.851 habitantes, a poboación cunha idade igual ou superior aos 65 anos é de 727 habitantes, o que representa o 39,28 por cento do total, acadando a porcentaxe do 16,05% (297 habitantes) para a poboación cunha idade igual ou superior aos 80 anos.

O número de habitantes comprendidos na franxa de idade entre os 50 e os 64 anos é de 433 (representa o 23,39%). Deste xeito, compróbase que a medio e inclusive a curto prazo, faise preciso que se poñan a disposición dos usuarios os recursos necesarios de atención ás persoas maiores, debido fundamentalmente ao progresivo aumento que se vai producir na poboación maior de 65 anos, grupo cun importante e marcado peso demográfico, que conduce á existencia dun elevado índice de dependencia da poboación anciá respecto da adulta potencialmente produtiva. Confírmanse deste modo as expectativas dunha demanda crecente de servizos asistenciais destinado a este grupo de idade, á vista da tendencia crecente que presenta a taxa de envellecemento do Concello de Paradela.

Pero non chega con coñecer a distribución demográfica do Concello, senón que é necesario analizar a proxección anual futura para dispor dunha base sobre a que prever a demanda de uso das prazas asistenciais que van ser ofertadas aos veciños de Paradela.

Intervalo de idade	Total	Porcentaxe
60 – 64 anos	151	8,16
65 – 69 anos	135	7,29
70 – 74 anos	156	8,43
75 – 79 anos	139	7,51
80 – 84 anos	151	8,16
85 – 89 anos	78	4,21
90 – 94 anos	53	2,86
Más de 95 anos	15	0,81
<b>TOTAL</b>	<b>878</b>	<b>47,43</b>

Outro dos aspectos que non se pode pasar por alto debido a súa repercusión directa sobre a capacidade tributaria é o nivel de pensións existente na actualidade. Segundo datos facilitados polo Instituto Galego de Estatística, no exercicio 2016 a nómina media das pensións contributivas en Galicia situouse en 879,89 €/mes, sendo na provincia de Lugo de 816,97 €/mes para o mesmo período de comparación.

No caso concreto do Concello de Paradela, obtéñense os seguintes resultados por estratos de poboación respecto do nivel medio das pensións no exercicio 2016 (total de 663,59 €/mes):

- ❖ 0-64 anos: 561,91 €/mes.
- ❖ 65-74 anos: 707,31 €/mes.
- ❖ 75-84 anos: 673,24 €/mes.
- ❖ 85 e mais: 656,83 €/mes.

Así mesmo, haberá que ter en conta as contías das prestacións denominadas “libranzas” do sistema para a autonomía e atención á dependencia na Comunidade



Autónoma Galega e que se atopan reguladas no capítulo II do título II do Decreto 149/2013.

## **REGULAMENTO REGULADOR DO RÉXIME DE ACCESO A PRAZAS NO CENTRO RESIDENCIAL E CENTRO DE DÍA DE PARADELA**

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Hoxe en día os centros residenciais son unha parte importante na atención dos anciáns, especialmente entre aqueles que presentan alta dependencia. Nalgúns casos, e por diversas circunstancias, a provisión de coidados que necesitan algúns anciáns realízase nestes centros. Con todo, non debemos esquecer que debe ser un obxectivo prioritario, desde enfoques sociais ou sanitarios, facilitarlles a permanencia aos maiores nos seus domicilios, no seo das súas familias e o seu ambiente, polo que a alternativa residencial será necesaria cando isto non sexa posible.

As residencias atenden as necesidades sociais, sanitarias e de coidados de numerosos anciáns que, por diversas circunstancias, fundamentalmente soidade ou perda de autonomía, precisan asegurar os ditos coidados fóra do domicilio. A devandita atención préstase ás veces de forma temporal ou de forma permanente ata a fin da vida do residente.

Os centros de día, pola súa parte, son centros especializados de servizos sociais destinados a ofrecer unha atención diúrna ás necesidades persoais básicas, terapéuticas e socioculturais das persoas maiores con diferentes graos de dependencia, promovendo no posible a súa autonomía e a permanencia no seu entorno habitual e proporcionando, nese senso, un apoio familiar.

### **Artigo 1. Fundamento legal e obxecto.**

A) De conformidade co que dispón o artigo 25.1 da Lei 7/1985, do 2 abril, reguladora das bases de réxime local; a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia; a Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia; e o Sistema de servizos sociais da Comunidade Autónoma de Galicia, este Concello de Paradela establece o servizo de acceso de centro residencial e centro de día.

B) O acceso aos servizos sociais é un dereito que vén recoñecido na Constitución Española; este Regulamento establécese de conformidade co disposto nos artigos 4.1, 25, 27.1 e 27.3.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

C) Este Regulamento ten por obxecto regular o réxime de acceso ao centro residencial e centro de día do Concello para persoas maiores.

### **Artigo 2. Definicións.**

Para os efectos deste Regulamento, enténdese que son centros residenciais aqueles establecementos destinados ao aloxamento temporal ou permanente, con servizos e programas de intervención adecuados ás necesidades das persoas obxecto da atención, dirixida á consecución dunha mellor calidade de vida e á promoción da súa autonomía persoal, que ofrecen, desde un enfoque biopsicosocial, servizos continuados de carácter persoal e sanitario, prestados segundo o tipo de dependencia, grao desta e

*intensidade de cuidados que precise a persoa. Teñen carácter permanente, cando o centro residencial se converte na residencia habitual da persoa, ou temporal, cando sexan atendidas estancias temporais de convalecencia ou durante vacacións, fins de semana e enfermidades ou períodos de descanso dos cuidadores non profesionais. Ofrecen servizos de carácter básico, como aloxamento, manutención, asistencia nas actividades básicas da vida diaria e atención social e sanitaria, e outros especializados de prevención, asesoramento e orientación para a promoción da autonomía, atención social, habilitación ou atención asistencial e persoal, atención médica, psicolóxica, de enfermaría, terapia ocupacional e rehabilitación funcional.*

*Concretamente, son prazas en centros residenciais para persoas maiores as destinadas a servir de vivenda permanente ou temporal e lugar de convivencia, nas que se lles presta unha atención integral e continuada ás persoas que reúnan as condicións que se indican nesta disposición para ser usuarios delas e cuxas necesidades non poidan ser satisfeitas por outros medios.*

*Os centros de día se definen como equipamentos destinados á atención diúrna de persoas maiores con perda da súa autonomía física ou psíquica que residindo nos seus propios fogares necesiten dunha serie de cuidados e atencións de carácter persoal, terapéutico ou social.*

*De acordo coas condicións concorrentes nas persoas a cuxa atención se destinan, as prazas para persoas maiores clasifícanse en:*

*– Prazas para persoas maiores con autonomía: aquelas en que se lles presta atención ás persoas maiores que manteñen unhas condicións persoais, físicas e psíquicas que lles permiten realizar de forma autónoma as actividades básicas da vida cotiá.*

*– Prazas para persoas maiores asistidas: aquelas en que se lles presta atención ás persoas maiores que presentan limitacións na súa autonomía persoal que lles impiden realizar as actividades básicas da vida diaria, polo que precisan da axuda de terceiras persoas.*

*– Prazas psicoxeriátricas: aquelas para persoas asistidas que presenten trastornos de conduta derivados ou incompatibles coa situación clínica de demencia que imposibiliten un réxime normal de convivencia.*

### **Artigo 3. Modalidade de estancia.**

*O acceso ás prazas para persoas maiores poderase realizar nalgunha das seguintes modalidades:*

*a) Estancia permanente: terá esta consideración o aloxamento e estancias do usuario nun centro residencial e centro de día en que se presta unha atención integral, continuada e cotiá, que lle serve como vivenda estable e se converte na residencia habitual da persoa.*

*b) Estancia temporal: consiste no ingreso nun centro residencial e centro de día en que se lle presta ao usuario unha atención integral, continuada e cotiá, durante un período determinado, por convalecencia, vacacións, enfermidades ou períodos de descanso dos cuidadores habituais, durante o cal terá os mesmos dereitos e obrigas que os residentes permanentes.*

### **Artigo 4. Beneficiarios.**

1. Poderán ser beneficiarios e, en consecuencia, poderán ter acceso aos centros residenciais:

- As persoas que cumprisen 65 anos no momento de solicitar o ingreso.
- As persoas con 60 anos ou máis, con discapacidade igual ou superior ao 65%.

2. Coas persoas sinaladas anteriormente, poderán acceder á condición de beneficiario do centro residencial, o seu cónxuxe, a persoa unida a elas con unión de feito acreditada mediante a inscrición nalgún rexistro público con polo menos un ano de antelación, similar aos cónxuxes, así como os seus familiares por consanguinidade ou afinidade ata o segundo grao, cando concorran as seguintes condicións:

- a) Ter 60 anos cumpridos.
- b) Que se faga a solicitude de forma conxunta.
- c) A convivencia no mesmo domicilio, polo menos un ano continuado inmediatamente antes da presentación da solicitude.

3. Con carácter excepcional, poderán ser beneficiarias as persoas menores de 60 anos con discapacidade igual ou superior ao 45% que vivisen sempre cos seus pais ou cuidadores cando estes necesiten ingresar nunha praza asistida ou psicoxeriátrica, sempre que se considere que é o recurso máis adecuado para as súas características.

#### **Artigo 5. Requisito de ingreso.**

Poderán ser beneficiarias das prazas en centros residenciais as persoas que reúnan os seguintes requisitos:

- Alcanzar a idade de 65 anos, ou de 60 anos e ter unha discapacidade, igual ou superior ao 65%.
- Non padecer ningunha enfermidade infectocontaxiosa ou enfermidade clínica que requira atención imprescindible nun centro hospitalario.
- Non padecer trastornos mentais ou dexenerativos graves que poidan alterar a convivencia normal no centro, nin demencia senil avanzada que requira un tratamento nun centro psiquiátrico.
- Non ter sido sancionado con expulsión definitiva dun centro residencial público.
- Obter, conforme o baremo en vigor, a puntuación esixida en cada momento para o ingreso na residencia solicitada.
- Ser español ou ter dereito ás prestacións de servizos sociais deste, segundo a lei ou convenio internacional.

#### **Artigo 6. Dereitos e deberes dos beneficiarios.**

1. Os usuarios dos centros residenciais para persoas maiores, ademais dos recoñecidos con carácter xeral polo ordenamento xurídico, terán os seguintes dereitos:

Utilizar as instalacións e servizos do centro de acordo coas normas establecidas ou que se establezan en diante en condicións de igualdade e sen discriminación.

A un trato digno, tanto por parte do persoal como dos usuarios.

Ao segredo profesional da historia clínica ou sociosanitaria e á protección dos datos persoais.

*A manter as relacións interpersoais e a recibir visitas de acordo co regulamento de réxime interno.*

*A un programa de intervención ou de atención individualizado.*

*A intimidade persoal e á protección da propia imaxe.*

*A que se lle facilite o acceso á atención social, sanitaria, educativa, cultural e calquera outra que sexa axeitada para o seu desenvolvemento psicofísico.*

*A elevar aos órganos de participación ou dirección propostas de mellora.*

*A recibir, en todo momento, a información necesaria e axeitada para decidir de acordo coa súa vontade (consentimento informado).*

*A coñecer, en todo momento, o prezo dos servizos e as súas variacións e as modificacións esenciais na prestación destes.*

*A cesar na utilización dos servizos ou na permanencia no centro.*

*De queixa e libre acceso ao libro de reclamacións.*

*A acceder aos servizos ofrecidos polo centro nas condicións establecidas.*

*Aos cuidados necesarios establecidos en caso de dependencia ou invalidez.*

*A unha programación de actividades que permita un desenvolvemento persoal axeitado.*

*Que o réxime de vida sexa establecido de acordo cos criterios de plena liberdade, que só poderá limitarse por razóns de convivencia, hixiene, enfermidade e o adecuado funcionamento dos servizos.*

*2. Os usuarios están obrigados, ademais de ao cumprimento das condicións establecidas con carácter xeral polo ordenamento xurídico, a:*

*- Cumprir as obrigas establecidas neste Regulamento e os compromisos contraídos.*

*- Coñecer e cumprir as normas que rexan o establecemento, así como as normas e instrucións estipuladas pola dirección do centro.*

*- Respetar e colaborar no mantemento e bo uso das instalacións do centro.*

*- Respetar os restantes residentes e o persoal do centro.*

*- Gardar as normas de hixiene e aseo, tanto na súa persoa como nas dependencias do centro.*

*- Aboar puntualmente o importe correspondente á liquidación de estancias.*

*3. O usuario dos centros residenciais obxecto deste Regulamento deberá facer fronte aos gastos que se ocasionen por desprazamento do beneficiario ao centro residencial, tanto no suposto de novo ingreso como de traslado, así como aos derivados dos períodos de ausencia.*

*Quedan exceptuados aqueles gastos de transporte que se orixinen como consecuencia do traslado a outro centro por causa allea á vontade do residente, que serán por conta do centro.*

*4. Do mesmo xeito, os residentes deberán asumir os gastos da adquisición de artigos de uso persoal, gastos efectuados voluntariamente por eles, así como da adquisición de fármacos e produtos non financiados polos sistema da Seguridade Social.*

### **Artigo 7. Solicitudes e documentación.**

O procedemento iniciarase mediante a presentación da solicitude polo interesado xunto coa documentación pertinente, no rexistro do Concello (Área de Servizos Sociais), sen prexuízo do establecido no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A solicitude deberá conter, como mínimo, os datos a que se refire o artigo 66 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, debendo acompañar, como mínimo, á mesma a seguinte documentación:

- Nome e apelidos do interesado e, de ser o caso, da persoa que o represente.
- Feitos, razóns e petición en que se concrete, con toda claridade, a solicitude.
- Lugar e data.
- Sinatura do solicitante ou representante.
- Órgano, centro ou unidade administrativa á que se dirixe.

Achegarse a esta solicitude a seguinte documentación, que xustificará os requisitos esixidos:

#### 1. Relativos á identidade e nacionalidade:

Fotocopia do DNI/NIE ou pasaporte do interesado e, no seu caso do representante legal, titor ou gardador de feito.

Se o solicitante é o representante legal, deberanse achegar os documentos acreditativos de devandita condición.

Certificado do Concello que acredite o empadramento ou autorización para a súa consulta.

#### 2. Relativos á situación socio- familiar e económico familiar:

Fotocopia do Libro de familia.

Certificado de convivencia ou autorización para a súa consulta.

Declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas e sobre o patrimonio, de ser o caso, do solicitante ou dos solicitantes, do último exercicio fiscal ou, se non, a certificación negativa; neste caso deberá achegar aqueles documentos que acrediten os ingresos que, por calquera concepto, perciban, xunto cunha declaración xurada en que se manifeste que os acreditados son os únicos ingresos que reciben.

Certificación ou recibo oficial do Concello do seu domicilio habitual relativos ao imposto sobre bens inmobles rústicos e urbanos do solicitante ou dos solicitantes ou, de ser o caso, certificado do Rexistro da Propiedade correspondente ao seu domicilio habitual sobre a carencia de tales bens.

Certificado da pensión que, de ser o caso, perciba o solicitante. En caso de percibir pensión do extranxeiro, xustificante das últimas doce (12) mensualidades.

Información fiscal das contas bancarias a 31 de decembro do ano anterior á solicitude.

Acreditación doutras rendas ou ingresos (rendas, alugueiros, fondos de inversión...)

#### 3. Relativos ó estado de saúde do interesado:

*Informe médico actualizado cuberto polo médico de atención primaria, médico xeriatra do sistema público de saúde ou médicos dos servizos sociais das administracións públicas, segundo o modelo establecido, do seu estado físico e psíquico e coa posoloxía do tratamento farmacolóxico a subministrar, e de ser o caso as dietas especiais, axudas técnicas prescritas, necesidades asistenciais e limitacións relevantes.*

*Outros informes médicos complementarios, de ser o caso.*

**4. Relativos á situación de discapacidade e dependencia:**

*Copia da resolución de recoñecemento da situación de discapacidade ou dependencia expedida polo órgano competente da Comunidade Autónoma.*

*Resolución de recoñecemento de discapacidade, que será obrigatorio para as persoas menores de 60 anos sinalados no punto 3 do artigo 4 do presente regulamento.*

**5. Outra documentación:**

*Tarxeta sanitaria.*

*Calquera outra documentación que o solicitante considere oportuno achegar para unha mellor valoración do expediente.*

**Artigo 8. Baremo para a admisión de solicitudes.**

*Para o ingreso na Residencia Centro de Día establécese a seguinte orde de prioridades:*

*1º.- Terán preferencia no acceso as persoas que teñan unha antigüidade, como mínimo, de 2 anos de empadramento no concello de Paradela, con anterioridade a data de presentación de solicitudes.*

*2º.- As persoas con vinculacións familiares empadroadas no Concello de Paradela, ata o terceiro grao en liña directa e colateral e primeiro grao por afinidade (pais, nais, avós/as, tíos/as, sogros/as).*

*3º.- As persoas non empadroadas con ou sen residencia no municipio.*

*O acceso as prazas do Centro de día- residencia virá determinado pola puntuación acadada no baremo de admisión.*

*No caso de obter a mesma puntuación se terá en conta a data de presentación da solicitude no rexistro competente.*

*Os criterios recollidos no baremo para a valoración das solicitudes presentadas son os seguintes:*

**A. Idade**

*Menor de 65 anos: 0 puntos.*

*De 65 a 75 anos: 10 puntos.*

*De 75 a 85 anos: 20 puntos.*

*Maiores de 85 anos: 30 puntos.*

**B. Situación socio-familiar e de convivencia.**

*- Convive con familia que pode prestarlle atención axeitada: 0 puntos.*

*- Convive con familia sen posibilidade de prestarlle atención (por obrigas laborais, residencia ou traballo noutro municipio, cargas familiares, imposibilidade*

física do cuidador, etc) : 10 puntos.

- Convive con familia, pero as relacións sociofamiliares son malas ou están deterioradas: 20 puntos.

- Vive so/a aínda que ten familia e/ou rede de apoio social: 30 puntos.

- Vive so/a, non ten familia nin rede de apoio social: 40 puntos.

### **C. Capacidade funcional**

Co fin de determinar a autonomía para a realización das actividades da vida diaria, utilizarase o baremo de valoración das situacións de dependencia, atribuíndo a seguinte documentación segundo o grao recoñecido:

- Sen dependencia recoñecida: 0 puntos.

- Grao I: 10 puntos.

- Grao II: 20 puntos.

- Grao III: 30 puntos.

### **D. Aloxamento.** Condicións xerais da vivenda.

- Dispor de vivenda: 0 puntos.

- Non dispor a vivenda de condicións necesarias de habitabilidade: 10 puntos.

- Dispor de vivenda en situación de infravivenda: 20 puntos

- Situación de desafiuzamento acreditado documentalmente ou desaloxamento: 30 puntos.

- Non dispón de aloxamento: 40 puntos.

### **E. Situación económica**

Para a determinación da capacidade económica da persoa, aplicarase a seguinte táboa, na que se puntuará en función do indicador público de rendas de efectos múltiples (IPREM):

Capacidade económica (referida ó IPREM)	Puntos
≤ ó 100% do IPREM	30
> do 100% e ≤ do 115% do IPREM	25
> do 115% e ≤ do 125% do IPREM	20
> do 125% e ≤ do 150% do IPREM	15
> do 150% e ≤ do 175% do IPREM	10
> do 175% e ≤ do 200% do IPREM	5
Superior ó 200% do IPREM	0

## **Artigo 9. Tramitación e resolución.**

1. Unha vez presentada a solicitude procederase á revisión da documentación achegada. Se dita solicitude non reúne todos os datos e documentos aludidos anteriormente requirirase ao interesado para que, nun prazo de dez días, emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, ou de consideralo pertinente, presente documentación aclaratoria da xa achegada, con indicación de que se así non o fixese, teráselle por desistido da súa petición, arquivándose esta sen máis trámite nos termos establecidos no artigo 21 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento

*Administrativo Común das Administracións Públicas.*

2. *A solicitude e documentación presentada será estudada e valorada pola traballadora social do Concello, que emitirá un informe escrito no que porá de manifesto se o interesado cumpre os requisitos sinalados para percibir as prestacións solicitadas e recollidas no servizo, así como a valoración de que a praza no centro residencial e centro de día é un recurso adecuado para as súas necesidades, e aplicará os criterios de puntuación para a admisión de solicitudes.*

3. *O alcalde-presidente, unha vez visto o informe social e a valoración, resolverá a adxudicación das prazas nos centros residenciais, nun prazo máximo de quince días, ou resolverá incluílos na lista de espera. Se transcorrido ese prazo non obtén contestación, considerarase desestimada a solicitude.*

### **Artigo 10. Perda de condición de beneficiario.**

*Perderase a condición de beneficiario:*

1. *Cando varíen substancialmente as circunstancias que levaron a incluílo como beneficiario deste servizo.*

2. *Por incumprimento ou falta grave ou moi grave das normas de convivencia e de respecto dos deberes como usuario. Neste caso, será preceptivo tamén o informe do/a traballador/a social. Tanto neste caso como no sinalado no apartado anterior, daráselle audiencia ao interesado para que efectúe alegacións, se o desexa, no prazo de dez días.*

3. *Pola falta de pagamento reiterada da contraprestación correspondente (polo menos tres cotas seguidas ou cinco alternas). Considerarase que existe falta de pagamento cando transcorra o período voluntario de pagamento sen que se faga efectiva a cota, independentemente de que siga o proceso de constrinximento, de ser o caso.*

4. *Por renuncia expresa e por escrito do beneficiario ou do seu representante legal.*

5. *Por falecemento.*

6. *Por precisar de coidados especializados que excedan dos servizos básicos das tipoloxías indicadas de centro.*

*Nos supostos previstos no apartado 1, 2, e 3 darase audiencia ao interesado para que efectúe alegacións se o desexa no prazo de dez días.*

### **Artigo 11. Prohibicións.**

*As persoas residentes no centro residencial terán prohibido levar a cabo as actuacións tipificadas como infraccións, así como calquera outra que contraveña o recollido no presente Regulamento.*

### **Artigo 12. Contraprestación.**

*O importe que os usuarios deben achegar en concepto de pagamento polo servizo do Centro de día- residencia estará determinado polas tarifas aprobadas pola Corporación en caso de xestión indirecta.*

### **Artigo 13. Potestade sancionadora.**





## Concello de Paradela

*A potestade sancionadora corresponderalle ao alcalde, dentro do ámbito das súas competencias, sen prexuízo de informar as autoridade xudiciais e administrativas que correspondan cando proceda, no caso de que poidan ser obxecto de constitución de delito ou falta das condutas e infraccións cuxa sanción e inspección teñan atribuídas legal ou regulamentariamente, sempre logo da incoación do expediente administrativo correspondente, de conformidade co artigo 17 do Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento de procedemento para o exercicio da potestade sancionadora, e cos artigos 77 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e 25 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.*

### **Artigo 14. Infraccións.**

*Para efectos deste Regulamento, as infraccións clasifícanse en moi graves, graves e leves.*

*Considéranse **infraccións moi graves** a reincidencia na comisión das graves, e calquera das que se indican a continuación:*

*— Unha perturbación relevante da convivencia coas demais persoas residentes no centro.*

*— O impedimento ou a grave e relevante obstrución ao normal funcionamento deste servizo.*

*— Poñer en perigo físico a calquera usuario ou ao persoal, sempre que medie dolo ou negligencia grave.*

*— Actos de deterioración grave e relevante nas instalacións do centro residencial.*

*— Agresións ou malos tratos ás demais persoas que residen no centro ou ao persoal.*

*— Falsear ou ocultar datos na documentación presentada na solicitude.*

*Considéranse **infraccións graves** a reincidencia na comisión de faltas leves, e as que se indican a continuación:*

*— Unha perturbación da convivencia coas demais persoas residentes no centro.*

*— Subtracción de bens.*

*— Entorpecemento das actividades do centro residencial.*

*— Utilización nas habitacións de ferramentas ou aparatos non autorizados.*

*Consideraranse **faltas leves** todas aquelas infraccións a este Regulamento que non estean tipificadas nin como graves nin como moi graves.*

*— Alterar as normas internas de convivencia e respecto mutuo, creando situacións de malestar no centro.*

*— Utilizar de forma inadecuada as instalacións e medios do centro ou perturbar as súas actividades.*

### **Artigo 15. Sancións.**

*As infraccións serán sancionadas con:*

*Infraccións moi graves: ata 3.000,00 euros.*

*Infraccións graves: ata 1.500,00 euros.*

*Infraccións leves: ata 750,00 euros.*

*Poderase proceder á expulsión do centro pola comisión de infraccións moi graves.*

**Artigo 16. Prescrición.**

*1. As infraccións moi graves prescribirán aos tres anos, as graves aos dous anos e as leves aos seis meses.*

*2. As sancións impostas por faltas moi graves prescribirán aos tres anos, as impostas por faltas graves aos dous anos e as impostas por faltas leves ao ano.*

**Disposición final única**

*Este Regulamento será obxecto de publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia e entrará en vigor logo de que transcorra o prazo establecido no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.*

Comeza intervindo, Dona Sonsoles López Izquierdo, voceira do Grupo Municipal Socialista, dicindo que respecto do punto primeiro do acordo, polo artigo 64 bis da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, é unha competencia propia do Concello, polo que considera que este punto non sería preciso.

Respecto do punto segundo da proposta no relativo ao prezos contidos na Memoria, di que non se especifica canto van a ter que pagar os usuarios, non valorando se o Concello vai facer ou non aportación algunha; nin que tampouco se contempla a posibilidade do IVE cero das entidades de economía social, contemplándose só os dous escenarios de IVE ao 4 e ao 10% pero non esta terceira opción; nin se valoran os servizos complementarios de lavandería, perruquería, etc..; así como dubida do posible control de calidade na prestación do servizo.

Por parte do Sr. Alcalde dise que moitas destas cuestións non son o momento de abordalas e o que se presenta é o que está a funcionar dentro da normalidade, na actualidade, e o que vostede está a facer e unha emenda e querer poñerlle portas ao campo.

Dona Sonsoles López Izquierdo, di que o que se presenta é unha privatización, unha oportunidade de negocio, no que se poñen cartos públicos para que un empresa privada faga cartos, que é o que defende o Partido Popular; para o PSOE o importante é a prestación dos servizos públicos.

O Sr. Alcalde resposta dicindo que xa compararemos a xestión que vai facer a Deputación coas súa residencias, e non quero facer diste asunto un debate político.

Dona Sonsoles López Izquierdo, voceira do Grupo Municipal Socialista, di que eles están aquí para facer un debate político e o PP o que pretende é desmantelar a dependencia.

Respecto do Regulamento, a Voceira do Grupo Municipal Socialista, fai uns comentarios respecto do artigo 8 dicindo que se debería facer constar, en que momento se aplican as prioridades respecto dos habitantes do municipio e que respecto do apartado e) relativo á capacidade económica que se faga constar que é conforme ao establecido na Lei 99/2012 tomando esa definición, respecto do artigo 12 se os usuarios van ter que pagar o que diga a empresa concesionaria ou se o Concello e a Xunta van ou non a aportar algo, xa que coas tarifas que se reflicten no documento presentado a xente

de Paradelas non ten capacidade económica para poder pagar o servizo; respecto do artigo 13 o tema de crear unha comisión mixta para resolver as infraccións.

En resumo o seu grupo vaise abster respecto do punto segundo da proposta coas salvidades manifestadas con anterioridade.

Respecto do punto terceiro da proposta, están en contra, xa que non consideran que o método da concesión sexa o axeitado para a prestación deste servizo, senón que debería de facerse por un contrato de servizos ou de forma directa.

Respecto do punto 4 e 5 da Proposta nada que dicir.

A continuación, procedeuse a votación da Proposta, que resulta aprobada pola maioría absoluta, cos seis votos a favor dos membros do Grupo Municipal do Partido Popular que asisten á sesión, dous votos en contra dos membros do Grupo Municipal Socialista, sendo nove o seu número legal de membros.

**E non habendo máis asuntos que tratar, o Presidente levantou a sesión sendo as trece horas e trinta e cinco minutos do vinte de febreiro de dous mil dezaioito, exténdose a presente acta da que coma Secretario-Interventor dou fe.**

**Vº e praxe**

**O Alcalde**

**Asdo.: José Manuel Mato Díaz**

**O Secretario-Interventor**

**Asdo.: José López González**

**Documento asinado electronicamente á marxe**